			MACS2B1.6.5	CCL	Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	50%										x						
	B1.7	B1.6	MACS2B1.6.6	CMCCT	Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos e, si mesmo, formula posibles continuacións da investigación; analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	30%						x	x									
			MACS2B1.7.1	CMCCT,CCL	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese	30%						x	x									
			MACS2B1.7.2	CMCCT	Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	70%						x	x									
			MACS2B1.7.3	CMCCT	Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.	70%						x	x									
		MACS2B1.7.4	CMCCT	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade	50%			x	x													
B1.7	B1.7	MACS2B1.7.5	CMCCT	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	30%				x			x	x									
B1.7	B1.8	MACS2B1.8.1	CMCCT	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc, valorando outras opinións	80%			x	x				x									
		MACS2B1.9.1	CMCCT, CSC,CSIEE	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc)	50%										x	x						

BLOQUE 4. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

B4.1 B4.2 B4.3	B4..2	MACS2B4.1.1	CMCCT	Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.	70%	3%	95%	5%	x	x										
		MACS2B4.1.2	CMCCT	Calcula a probabilidade de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.	70%	3%			x	x										
		MACS2B4.1.3	CMCCT	Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.	80%	5%			x	x										
	MACS2B4.1.4	CMCCT	Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións.	60%	1%	x			x				x							
	B4.4	B4.2	MACS2B4.2.1	CMCCT	Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	70%			1%			x								
	B4.5		MACS2B4.2.2	CMCCT	Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporcións poboacionais, e aplicación a problemas reais.	70%			5%	x	x									
	B4.6		MACS2B4.2.3	CMCCT	Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplicación a problemas de situacións reais.	70%			3%	x	x				x					
	B4.7																			
	B4.8		MACS2B4.2.4	CMCCT	Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.	70%			5%	x	x				x					
	B4.9		MACS2B4.2.5	CMCCT	Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes.	70%			4%	x	x				x					
MACS2B4.2.6		CMCCT	Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplicacións en situacións reais.	70%	1%	x	x													
B4.10	B4.3	MACS2B4.3.1	CCL, CCMCT	Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representación axeitadas.	60%	1%	x	x												
		MACS2B4.3.2	CMCCT	Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	60%	1%	x					x								
	MACS2B4.3.3	CMCCT, CSC	Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	60%	1%	x	x	x												

3ª Avaliación

6. Metodoloxía

1. Estratexias metodolóxicas

1 Aspectos xerais

Traballar de xeito competencial na aula partindo da competencia inicial do alumnado **ter en conta a diversidade da aula e as múltiples intelixencias** predominantes nos estudantes.

En resposta ás múltiples intelixencias predominantes nos estudantes, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Potenciar as metodoloxías activas e combinar:

* **Traballo individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia:** a resolución de problemas, o cálculo, a comparación e o manexo de datos..., aspectos que son obviamente extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

* **Traballo cooperativo** que achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Enfoque orientado á resolución de problemas, o cálculo, a comparación e manexo de datos,...

Uso das TIC na medida que sexa posible.

Papel facilitador do profesor /a: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

É **indispensable a vinculación das tarefas competenciais con contextos reais** que permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos estudantes e a aplicación dos conceptos máis abstractos para entender a utilidade das ferramentas matemáticas no día a día

Temos que procurar:

- Que o alumnado sexa consciente de cal é a súa posición de partida.
- Que se lle faga sentir a necesidade de cambiar algunhas das súas ideas de partida.
- Que se propicie un proceso de reflexión sobre o que se vai aprendendo e unha autoavaliación para que sexa consciente dos progresos que vai realizando.

2 Estratexias metodolóxicas: "Equilibrar" as oportunidades

Trataremos de equilibrar as oportunidades para que na clase haxa:

- Explicacións a cargo do profesor.
- Discusións entre profesor e alumnos e entre os propios alumnos.
- Traballo práctico apropiado.
- Consolidación e práctica de técnicas e rutinas fundamentais.
- Resolución de problemas, incluída a aplicación das Matemáticas a situacións da vida diaria.

3 Secuencia habitual de traballo na aula

Presentación do concepto ou actividade,

Propoñemos algunha cuestión, formulando algunha situación ou tarefa para ser realizada.

Participación dos alumnos e alumnas

Sería bo que, ante a formulacións de cuestións polo profesor, os alumnos puidesen dar respostas rápidas que facilitasen coñecer a situación de partida, e permitirilles logo contrastala co resultado final, para que poidan apreciar os seus "progresos". É esta unha maneira de ir xerando confianza. Unha vez elaboradas as primeiras hipóteses de traballo, a discusión co profesor poñerá de manifesto o acertado do pensamento e a reformulación das conclusións, se procede.

Información do profesor/a:

- * Información básica para todo o alumnado
- * Información complementaria para reforzo e apoio
- * Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- * Lectura e comprensión de textos
- * Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- * Resposta a preguntas

- * Resolución de problemas
- * Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- * Elaboración de mapas, gráficas, síntesis, mapas conceptuais
- * Memorización comprensiva
- * Etc.

Avaliación:

- * Análise de produccions: caderno, comentarios, ...
- * Exposicións orais
- * Probas escritas
- * Traballos individuais e en grupo
- * Obsevación do traballo na aula
- * Etc.

2.- Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Dependendo do tema e a tarefa a desempeñar, traballaremos con dous tipos de agrupamentos:
 Faremos grupos por niveis de coñecemento cando queiramos traballar en actividades de reforzo ou afondamento con tarefas máis dirixidas a cada un deles
 Faremos grupos heteroxéneos para fomentar a cooperación e que sexan eles os que se expliquen uns a outros (dentro do que nos vaian permitindo os protocolos covid)

2.- Tempos

3.- Espazos

Aula do grupo clase, dadas as circunstancias, para evitar aumentar os despalazamentos do alumnado

4.- Materiais

Materiais audiovisuais: videos de Youtube ("Píldoras Matemáticas" , "Derivando",...) outros como la serie "Más por Menos", "Ojo matemático", "Universo Matemático")
Materiais TIC: pizarra dixital interactiva, ordenadores e calculadora
Materiais manipulativos:
 Cartolina para construír modelos xeométricos, unidades de medida de lonxitude e área, gráficos diversos.
 Escarvantes para facer figuras e tramas no plano e no espazo.
 Cordas, xeoplanos, gomas elásticas para visualizar deformacións de figuras
 Dados de diferentes tipos, cartas da baralla, ruletas, bolas de cores para experimentos de azar
 Espellos para visualizar simetrías e xerar figuras.
 Instrumentos variados de debuxo e medida
 Corpos Xeométricos

5.- Recursos didácticos

Libro do alumnado
Aula Virtual do centro na que iremos engadindo:
 Recursos xerais que poden utilizarse ao longo do curso: exercicios, videos, lecturas interesantes relacionadas cos contidos, follas de cálculo, GeoGebra, Wiris, etc.
 Recursos para cada unidade, con contidos de repaso, actividades, proxectos de traballo, autoavaliacións, problemas guiados, autoavaliacións inicial e final, resumos e enlaces a programas para xerar contidos.
 Solucións aos exercicios ou dos temas que poidan resultar de utilidade

7. AVALIACIÓN: Inicial, continúa, final, extraordinaria. Pendentes

1. Procedemento de avaliación inicial

¿En que data se realizará?

A avaliación inicial levarase a cabo no primeiro mes do curso escolar

¿En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección gráficas, etc relacionados cos estándares...)

Será unha proba deseñada sobre os estándares do curso anterior. Pode ser unha proba escrita, cuestións para resolver de forma individual ou colectiva, unha proba oral,...

Dependerá do coñecemento que o profesor posúa do grupo co que comeza o curso.

¿Como se informará á familia?

Non informaremos expresamente ás familias. Do resultado e conclusións da avaliación inicial daremos conta na sesión de avaliación que se leve a cabo nas primeiras semanas do curso e será o titor/a do grupo quen informe ás familias cando proceda.

¿Cales serán as consecuencias dos resultados?

Os resultados da avaliación inicial servirannos para coñecer o punto de partida de cada alumno e do grupo e para decidir as medidas de atención á diversidade que puidesen ser necesarias.

2. Acreditación de coñecementos previos (2º Bach, se procede)

¿Que procedemento se seguirá: (O alumno poderá escoller entre as dúas opcións)

a) Matrícula como pendente

b) Facer unha proba

De optar pola PROBA

¿Que tipo de proba?

Os **alumnos que non cursaron Matemáticas I nin Matemáticas Aplicadas I** farán a proba extraordinaria xunto cos alumnos que teñan pendente a materia en Xuño, e nas mesmas condicións, se xa teñen tomada a decisión de cambiar de modalidade con anterioridade a esta convocatoria. De tomar a decisión de cambiar de modalidade trala avaliación extraordinaria, farán unha proba nas mesmas condicións que acabamos de indicar na primeira semana do curso.

Os alumnos que superaron Matemáticas I e desexan cursar Matemáticas Aplicadas II, farán unha proba extraordinaria sobre os estándares do bloque de Estatística e Probabilidade na primeira semana do curso. Superada a mesma, consideraranse superadas as Matemáticas Aplicadas I. De non ser así, considerarase que o alumno ten a materia pendente e deberá examinarse co resto de alumnado da convocatoria de pendentes

Os alumnos que superaron Matemáticas Aplicadas I e desexan cursar Matemáticas II, farán unha proba extraordinaria na primeira semana do curso sobre os estándares do bloque de Xeometría, nas mesmas condicións que se recollen no parágrafo anterior

¿Como se avaliará?

En calquera das opcións de proba que se plantexan, consideraremos que o alumno supera a proba se obtén na mesma unha cualificación igual ou superior a cinco puntos..

3. Procedemento avaliación continúa

¿Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cántas por trimestre ou avaliación, etc.?)

En 1º, 2º, 3º, 4º de ESO as probas faranse dun ou varios temas ou por bloques de contidos (están especificados, nos distintos cursos, os contidos e o momento en que se levarán a cabo as mesmas, no apartado 4 desta programación). De cada avaliación todo o alumnado fará un segundo exame (para que poidan recuperar a materia as alumnas e alumnos que a teñan suspensa e para repasar e poder mellorar a nota os que xa teñan a materia superada).

No 1º e 2º curso de bacharelato faremos, alomenos, unha proba por cada bloque de contidos. Como en tódolos cursos, de cada avaliación, faremos un segundo exame para que poidan recuperar a materia as alumnas e alumnos que a teñan suspensa e para repasar e poder mellorar a nota os que xa teñan a materia superada. Esta proba será opcional para os alumnos que teñan a avaliación correspondente superada.

¿Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

Nos cursos de Bacharelato as probas suporán o 95% da cualificación e o 5% restante corresponderá á observación e o traballo diario .

En 1º e 2º da ESO, en Matemáticas Orientadas as ensinanzas Académicas de 3º e 4º da ESO, as probas de avaliación suporán un 80 % da cualificación e o 20% restante será para os traballos e as probas que se realicen no día a día.

En **Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 3º e 4º da ESO** as probas de avaliación suporán o 70% da cualificación (precisándose unha cualificación mínima de 3 para superala), os traballos e probas grupales e individuais realizados no día a día suporán o 30% e, a observación diaria do traballo na aula servirá para o redondeo da cualificación.

Ponderación

As ponderacións aparecen recollidas no apartado 4 desta programación e detállanse, para cada grupo de alumn@s ó principio do trimestre.

No caso de ter que facer modificacións por razón de tempo ou por calquera outro motivo, comunicárase aos alumn@s antes da avaliación correspondente e deixaríase constancia das mesmas na correspondente acta do departamento e na memoria de fin de curso.

¿Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

A cualificación da primeira avaliación obtense como media aritmética (ou ponderada se así se indica previamente) de todas as probas (escritas, orais,...) feitas nese trimestre.

No primeiro e segundo curso da ESO e en terceiro e cuarto curso da ESO de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas, esta cualificación obtense valorando un 80% os exames e o 20% restante para as pequenas probas que iremos facendo ao longo da avaliación que pretenden valorar e incentivar o traballo diario. No mesmo senso e pola incorporación das novas tecnoloxías e do traballo por proxectos, no caso de 3º e 4º da ESO de Matemáticas Orientadas as Ensinanzas Aplicadas a cualificación final obtense valorando 70% as probas escritas e o 30% os traballos e proxectos realizados.

Así mesmo, consideramos imprescindible ter feito todo o traballo de aula para superar cada avaliación.

A cualificación de cada alumno e alumna na 2ª avaliación e na final (3ª avaliación) será calculada facendo a media aritmética ou ponderada de tódalas cualificacións (das avaliacións e as súas repeticións) feitas no curso ata ese momento.

Como norma xeral, os cálculos de medias aritméticas ou medias ponderadas (tanto en cada avaliación, como ó longo do curso), só se farán a partir de notas de 3 puntos como mínimo. En caso contrario, o alumno/a estará suspenso (na avaliación correspondente ou no curso se fose a cualificación final).

¿Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Na área de Matemáticas considérase que é fundamental para acadar cualificación positiva que o alumno ou alumna:

Teña constancia e tenacidade no traballo diario, presentando as tarefas de forma ordenada, limpa e clara. Poña atención e participe nos comentarios, indicacións e observacións que xorden durante a clase, utilizándoos e mostrando interese por superarse a si mesmo.

Se fose posible traballar en grupo, respectando en todo momento os demais e sendo flexible á hora de aceptar distintos puntos de vista e solucións diferentes ás propias.

¿Como se recupera unha avaliación non superada?

Como xa indicamos, en tódolos cursos faremos, despois de cada avaliación, un segundo exame de toda a materia da mesma, que permita superar a avaliación a aqueles que non o conseguiron a primeira vez e, mellorar a cualificación e repasar ao resto das alumnas e alumnos.

Se un alumno ten suspensa a avaliación e obtén unha cualificación de alomenos 5 na repetición da mesma, quedaralle a nota media da avaliación correspondente e a súa repetición, ou 5 se a media obtida non fose superior a cinco.

4. Procedemento avaliación final

¿Quen debe ir á avaliación final?

Deberán ir o exame final de Xuño aquelas alumnas e alumnos que non acaden a final de curso unha cualificación de cinco ou superior na media de tódalas avaliacións e as súas repeticións, ou, que acadando esta cualificación, teñan menos de tres na nota dalgunha das avaliacións do curso

Deberán concorrer tamén a esta proba, aquelas alumnas e alumnos que, por ter superado o porcentaxe de faltas de asistencia establecido, perdan o dereito á avaliación continua.

Non terán opción de facer o exame final aquelas alumnas e alumnos que teñan tódalas avaliacións suspensas.

Ningunha alumna nin alumno poderá presentarse as probas finais para mellorar a cualificación, xa positiva, na materia

¿En que consistirá a proba ?

A proba consistirá nun exame con tres partes, unha por cada avaliación.

Os alumn@s que teñan unha ou dúas avaliacións suspensas, farán a parte correspondente a esas avaliacións e aqueles que perderon o dereito á avaliación continua a proba completa.

Considérase superada a proba, cando o alumno ou alumna acade unha cualificación de cinco ou máis de cinco ó facer a media das cualificacións das partes que teña que facer, sempre e cando en cada unha delas teña alomenos unha nota de tres.

¿Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Os estándares a avaliar serán os correspondentes ás avaliacións que a alumna ou alumno teña suspensas

¿Como se elabora a cualificación final: Ponderación, redondeos, etc?

Para unha alumna/o que non teña que ir á proba final, a nota final obterase facendo a media das notas finais de cada unha das tres avaliacións e das súas correspondentes repeticións.

Para unha alumna/o que teña que ir á proba final, a nota final obterase facendo a media das notas obtidas en cada unha das avaliacións (enténdese de entre a nota da avaliación, a súa repetición e a correspondente parte do exame final).

A estes efectos, para recuperar unha avaliación abonda con obter unha cualificación de cinco ou superior na repetición da mesma ou na parte correspondente do exame final, polo tanto, se un alumno non chega ó cinco de media entre tódalas notas dunha avaliación, pero ten alomenos un cinco nunha delas, esa será a única nota desa avaliación que teremos en conta ao facer o cálculo da media para a nota final

O traballo e actitude día a día (probas orais ou chamadas na clase, traballos individuais ou en grupo, caderno, lecturas,...), así como a evolución positiva ó longo do curso, servirán para redondear a nota á alza sempre que sobrepase en medio punto o número enteiro correspondente.

¿Que criterios segue o centro para a promoción?

Os que estableza o centro dacordo coa lexislación vixente

5. Procedemento de aval.extraordinaria

¿Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba extraordinaria consistirá na resolución de exercicios e cuestións teóricas que recollan os estándares de aprendizaxe máis importantes dos traballados ó longo de todo o curso. Nesa proba, como no resto do exames, cada pregunta levará indicada cal é a súa valoración.

O número de preguntas variará dependendo do curso ao que vai dirixida e do tempo necesario para a resolución dos exercicios e cuestións que se poidan propoñer para os distintos niveis académicos.

¿Como se cualifica, redondeos, etc?

A proba terá unha cualificación máxima de dez puntos e considerase superada cando a alumna ou alumno, acade unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

6. Procedemento de recuperación e av. de pendentes

¿Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

O Departamento de Matemáticas establece un **programa de reforzo** para os **alumnos que teñan a materia pendente**, para os que sexan **repetidores** ou para **aqueles que promocionan por imperativo legal**.

Para os alumnos repetidores ou para os que promocionen por imperativo legal, o reforzo levarase a cabo na propia aula facilitándolles os rapaces, se fose preciso, traballo específico para tal fin

En canto aos alumnos coa materia pendente, teremos en conta que as Matemáticas están consideradas como unha materia con contidos progresivos, pero isto non é así na súa totalidade posto que hai contidos que se traballan nun curso e se retoman e amplían no seguinte, e outros para os que isto non ocorre. Consideramos que esta circunstancia debe ser tida en conta á hora de establecer o xeito de recuperar a materia e establecer as actividades de reforzo que se van desenvolver.

Os contidos esixibles serán os traballados en cada curso, e, sobre eles, versarán as probas extraordinarias que terán lugar en Maio e coa convocatoria extraordinaria do curso no actual, sempre e cando o alumno non supere a materia ó longo do curso escolar.

Dende o departamento establécense cadernos de traballo e/ou boletíns de exercicios para os alumnos de cada curso de xeito que posibiliten que os rapaces teñan claros conceptos básicos que lles permitan traballar no curso no que o alumno se encontra na actualidade con maior aproveitamento.

As actividades a realizar estarán repartidas en tres trimestres, controlarase periodicamente o seu desenvolvemento e os alumnos deberán presentalas nos prazos que para elo se determinen. O feito de presentar este traballo feito e coas oportunas correccións antes da data do exame correspondente, enqadirá 1 punto nesa proba.

¿Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.?)

Para ver a evolución do traballo haberá ó longo do curso **tres probas escritas** e fixadas pola xefatura de estudos, centradas nos contidos específicos dos boletíns. Para superar cada unha destas probas é preciso obter unha cualificación igual ou superior a cinco.

¿Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

A materia pendente considerase superada si a cualificación media das tres probas é alomenos un 5, tendo unha cualificación mínima de tres en cada unha das partes. Como no curso ordinario, o redondeo en cualificacións que excedan en medio punto ó número enteiro, aplicarase si o alumno mostra interese pola materia (entrega os cadernos nos prazos establecidos, fai as correccións que se lle indiquen, consulta dúbidas...)

¿Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

As alumnas e alumnos que non acadasen cualificación igual ou superior a 5 segundo o establecido no apartado anterior, deberán concorrer á proba extraordinaria que terá lugar no mes de maio. A proba terá tres partes e os alumnos deberán facer novamente aquelas que non superaron ao longo do curso.

¿Como se cualifica, redondeos, etc?

A cualificación final dos alumnos que teñan que concorrer á proba extraordinaria de mes de maio, será a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas superadas ao longo do curso e daquelas que teña que repetir na proba extraordinaria.

Se a media destas cualificacións e igual ou superior a cinco a materia considerase superada (sempre que cada unha destas sexa polo menos de tres puntos).

Para o redondeo procederase como xa indicamos anteriormente.

De non superar a materia o alumno terá que presentarse á proba extraordinaria xunto cos alumnos e alumnas que teñan suspensa esa mesma materia e nas súas mesmas condicións no curso no que estamos

8. OUTRAS AVALIACIÓNS:

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Planificación:	1	2	3	4
1.- Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas / temas / proxectos?				
2.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
3.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
4.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
5.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
6.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
7.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
8.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida orgnizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:				
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade ?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
8.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
9.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
10.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
11.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
12.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
13.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
14.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
15.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2. Avaliación da programación didáctica

1. Mecanismo revisión

¿Con qué periodicidade se revisará?

Revisaremos o desenvolvemento da programación mensualmente

¿Qué medidas se adoptarán en caso de desfase?

En caso de desfase, tomaranse as decisións que sexan pertinentes en canto a reorganización, priorización ou supresión de contidos, modificacións nos criterios ou porcentaxes de avaliación ou calquera outro aspecto que sexa oportuno. Dos acordos que se tomen, deixarase constancia nun acta de reunión do departamento e recollerase na memoria do curso.

2. Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas				
3.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
4.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
5.- Asígnase a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
6.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
7.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
8.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
9.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
10.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
11.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
12.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?				
13.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
14.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
15.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
16.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
17.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
18.- Fixáronse criterios para a avaliación das materias pendentes?				
19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
20.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
22.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
23.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
24.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?				

Observacións:

9- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

1. Medidas ordinarias organizativas

¿Adecuouse para algun alumno/a a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algun alumn/a ou grupo?

a) Agrupamentos diferenciados para alumnos/as ou grupos?

Non

b) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.

Non

c) Espazos diferenciados ?

Só para aqueles alumnos con ACI que saen da aula parte do seu horario

d) Materiais e recursos didácticos diferenciados?

¿Faise algún desdoblamento de grupos?

Temos agrupamentos flexibles en 1º e 2º da ESO

Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?

Sí

Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?

So para o alumnado con ACI, para os demais, non temos ningún reforzo preestablecido pero estamos a disposición de prestalo cando algún alumno así o demande

¿Qué medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?

Deberán desenvolver unhas actividades específicas para reflexionar e traballar sobre os aspectos que levaron ao alumno ou alumna a permanecer nese espazo nas horas do lecer que se lles indiquen, pero continuarán desenvolvendo o traballo correspondente da materia cando deban permanecer nela no seu horario lectivo

1. Medidas ordinarias curriculares

a) Faise algunha adaptación metodolóxica para algun alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?

Non, agora mesmo, as distancias e a colocación das aulas non o permiten

b) Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?

Sí, para un alumno con dislexia

c) ¿Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?

Non dentro do noso departamento.

d) ¿Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?

Non

e) ¿Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?

Non, agás o traballo específico que se lles propón e os eguemento por parte do profesorado correspondente

f) ¿ Realízase algún programa específico personalizado (para repetidores)?.

Non

2. Medidas extraordinarias organizativas

a) Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?

Un alumno de 1º de ESO e dous de 2º de ESO con ACIs

b) Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?

Non

c) Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. extranxeiro)?

Non

d) Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?

Non

2. Medidas extraordinarias curriculares

a) ¿ Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?

Neste curso temos unha ACI para un alumno en 1º de ESO , dúas ACI en 2º da ESO

b) Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?

Sí, en 1º e 2º da ESO

b) Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?

Sí, en 3º da ESO

d) ¿Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?

Non dentro do noso departamento

e) Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.

Non temos especificado un protocolo, pero tentamos establecer un plan de actividades que se desenvolva con continuidade cando está na aula e cando sae de xeito que os dous profesores implicados poidan coñecer o que vai traballando o alumno ou alumna e, ao mesmo tempo, que este aprecie unha continuidade no mesmo, para elo, o alumno/a dispón dun único caderno no que se recolle o traballo diario

10. Actividades complementarias e extraescolares

Non temos prevista ningunha para este curso académico. Se xurdisen ó longo do mesmo, faríamolas constar na correspondente acta de departamento e na memoria final do curso, e se fose procedente, recolleríamolas para o vindeiro curso na nosa programación didáctica

11. Anexo Covid

Dadas as circunstancias especiais en que nos atopamos, en caso de ter que manter as clases non presenciais, a teleformación tomará como base a Aula Virtual na que, as nosas alumnas e alumnos,terán os materiais e a través da cal se intercambiarán traballos e probas.

Isto complementarase con videoconferencias a través da plataforma Cisco Webex ou outras que a administración proporcionase se fose o caso

Tamén temos habilitados correos electrónicos baixo o dominio "@iesdaterracha" por se fosen necesarios para manter a comunicación ou enviar arquivos que teñan un tamaño superior ao permitido na aula virtual ou outras necesidades que se detecten ao longo do curso.

A menos que se determinase outra cousa pola dirección do centro, ou por algunha outra autoridade superior, manterase o horario lectivo, e impartiranse as clases a través de videoconferencia e/ou titoría online na aula virtual.

De non ser posible a asistencia aos centros, as probas de avaliación realizaranse a través da aula virtual ou da plataforma Cisco Webex ou outras que a administración proporcione.

No caso de que se constate que o alumnado ten problemas técnicos para desenvolver o traballo telemático poderá ser obxecto de seguimento especial co envío de material de traballo e preparación das tarefas de xeito físico, cos medios que nos proporcionen a administración. A súa entrega realizarase por via telemática ou de xeito físico segundo os medios proporcionados.

A estes efectos, o departamento de Matemáticas establece que:

- É obrigatorio o uso da Aula Virtual como medio de comunicación e entrega de tarefas
- Os orixinais das tarefas que o alumno ou alumna envíe deberán formar parte do seu caderno de traballo
- As tarefas deberanse enviar no formato no que sexan solicitadas polo profesor correspondente (como norma xeral .pdf)
- Non se permitirán entregas de tarefas fóra dos prazos establecidos
- Os exames serán presenciais sempre que sexa posible, e será requisito indispensable manter as cámaras conectadas para facer probas avaliábeis a través de Webex
- En canto as tarefas enviadas, cando sexan copiadas de solucionarios ou páxinas web ou, cando haxa coincidencias literais en dous ou mais alumnos ou alumnas, as tarefas serán cualificadas como suspensas.

Do mesmo xeito, cando unha alumna ou alumno ou un grupo ou parte do mesmo permanezan illados, o Aula Virtual será o lugar onde terán os materiais e as instrucións para poder continuar coa súa formación en tanto non se incorporan de novo ás aulas (para ausencias puntuais/individuais, entendemos que non son de aplicación estas medidas a menos que o interesado o solicite expresamente)

Aprobación desta programación e envío

Data aprobación:	13/10/2021
Entregada á X. Estudos	14/10/2021
Data envío Inspección	